

Plan de Voluntariado



Índice

1. A Necesidade	P. 3
2. O Labor da nosa Entidade	P. 4
3. O Voluntariado en Fundación Meniños	P. 5
4. Obxectivos do Plan de Voluntariado	P. 8
5. Proxectos	P. 9
Área de intervención familiar.	P. 9
Área de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia	P. 15
Área de xestión e organización.	P. 18
Ficha aberta	P. 21
6. Xestión do Plan de Voluntariado	P. 22
Proceso de incorporación e saída das persoas voluntarias	P. 22

A Necesidade

Na Fundación Meniños cremos que a situación da infancia no mundo necesita da achega de todas as persoas para diminuír as graves discriminacións que se están a producir. Os últimos documentos publicados por Unicef relativos á situación da infancia no noso país, botan unhas cifras de pobreza estremecedoras, consecuencia do impacto que a crise está a ter na poboación máis vulnerable. A pobreza, definitivamente, xa ten cara de neno no noso país. Son os nenos e nenas os que máis están a padecer as consecuencias da crise, cando son os que menos capacidade teñen de enfrontarse a ela.

A infancia, pola súa situación evolutiva, depende máis dos servizos do Estado que as persoas adultas. Dado que os nenos e nenas non teñen recursos propios, é un deber dos poderes públicos e de toda a sociedade en xeral protexelos axeitadamente.

O desenvolvemento sostible da nosa sociedade pasa por ofrecer á infancia as oportunidades que lles permitan ser protagonistas e axentes de transformación. **A infancia é a oportunidade da sociedade no seu conxunto.** Protexer á infancia nestas circunstancias, non só é a medida correcta. É, tamén, a resposta intelixente para impulsar o crecemento e o desenvolvemento.

O labor da nosa Entidade

Meniños é unha entidade de acción social sen ánimo de lucro, que ten como misión traballar pola infancia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto. **Dende o marco básico da Convención dos Dereitos do Neno**, a Fundación desenvolve o seu traballo a través dun equipo humano (profesional e voluntario) competente e comprometido, **levando a cabo programas especializados de intervención familiar e investigando, innovando e difundindo coñecemento sobre a súa atención** (en colaboración con universidades e outras entidades), favorecendo a promoción dunha cultura do bo trato á infancia, atendendo a todas as necesidades emerxentes en infancia e adolescencia, **para garantir a cada neno, nena e adolescente o seu dereito a crecer nun ambiente familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral**.

No noso traballo diario con nenos e nenas en situación de dificultade social, propiciamos a participación e a corresponsabilidade de toda a sociedade, no coñecemento e defensa dos dereitos da infancia e da adolescencia e na cobertura das súas necesidades, **creando vías para a colaboración e traballando en rede cos demais axentes do sistema de protección e coa sociedade en xeral**, favorecendo as sinerxías e o efecto multiplicador das actuacións.

Conducimos a colaboración con outras entidades a través da participación en redes especializadas como son a Plataforma de Organizacións de Infancia (POI), a rede Europea de loita contra a pobreza en Galicia (EAPN-Galicia) e ou Consello Galego de Benestar, e a colaboración coas Administracións a través dun modelo mixto de xestión entre os servizos públicos e a iniciativa social que permita sumar esforzos e optimizar a eficiencia dos recursos. Canalizamos a colaboración particular a través do noso plan de voluntariado, que permite o acceso das persoas aos nosos proxectos, de acordo cunha cultura do traballo compartido e conforme á calidade que calquera intervención con infancia e familias ha de garantir.

En coherencia coa nosa Planificación Estratéxica, estamos a impulsar unha política de alianzas con outras entidades coas que compartimos misión e valores, co obxectivo de aproveitar sinerxías, aglutinar esforzos e optimizar recursos, perseguindo un maior impacto nas nosas actuacións en liña coas necesidades actuais da poboación máis vulnerable: a infancia e a adolescencia.

Nestes momentos cremos que procede a actualización do noso plan, non nos seus fundamentos e concepción, dado que están plenamente vixentes, pero si na posibilidade de novas accións de voluntariado que se debe ampliar, en coherencia cos novos proxectos e áreas de traballo da Fundación.

O Voluntariado en Fundación Meniños

A Fundación encadra todos os seus programas de intervención dentro do seu plan estratéxico, que define a súa misión e valores identificativos propios.

A participación da persoa voluntaria canalízase a través dos programas de intervención para familias e infancia que estamos a desenvolver en cada momento, deseñando un catálogo de proxectos que permiten a participación das persoas nas diferentes áreas de intervención.

Nestes momentos a Fundación desenvolve proxectos nas áreas de:

- **Intervención familiar:** preservación familiar, reunificación familiar, atención familiar especializada con adolescentes e as súas familias, atención especializada en Puntos de Encontro Familiar, violencia de xénero, e acollemento familiar.

- **Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia e difusión do labor da organización:** Contamos con diferentes canles de difusión, tradicionais e on-line, facendo especial incidencia en comunicación 2.0. Interésanos, máis alá de difundir o noso labor, crear unha comunidade de persoas e entidades interesadas en traballar polos dereitos da infancia. Para iso, traballamos en colaboración con outras entidades a través de diferentes redes levando a cabo un labor de incidencia social que persegue a promoción dunha cultura do bo trato á infancia.

- **Proxectos educativos e preventivos:** implantar actuacións dirixidas principalmente aos colexios de educación Infantil e Primaria para promover os valores relacionados co bo trato á infancia, a través de diversos programas: ben dirixidos directamente á infancia a través do profesorado, (como “Facendo Familias”, ou “Convivimos”) ou dirixidos ás familias no seu conxunto, (como “Xogamos?”).

En consonancia con estas áreas o plan de voluntariado de Meniños (PVM) establece o seguinte catálogo de proxectos:

Área de Intervención Familiar

- Apoio escolar
- Apoio familiar
- Respiro familiar
- Apoio en tarefas complementarias á Intervención Familiar en Puntos de Encontro Familiar
- Apoio en tarefas complementarias á Intervención Familiar en programas de Violencia de Xénero
- Proxecto “Ao carón”. Apoio socioeducativo a nenos e nenas en situación de risco.

Área de Sensibilización e Promoción de dereitos da infancia e da adolescencia

- Promoción dos dereitos da infancia e da adolescencia e desenvolvemento de proxectos educativos e preventivos.
- Comunicación para a sensibilización nos dereitos da infancia e da adolescencia e difusión do labor da Fundación.
- Campañas de información e captación de familias para acollementos e adopcións.

Área de Xestión e organización

- Apoio en tarefas administrativas e de xestión.
- Xestión bibliográfica e documental.
- Apoio xurídico.

Outros Proxectos

- **Ficha aberta:** para a detección e captación de novas oportunidades de voluntariado a través de ofertas de persoas e entidades interesadas na nosa misión.

Calquera persoa pode colaborar voluntariamente en Meniños incorporándose á fundación segundo o procedemento de formación e acompañamento que establece el Plan de Voluntariado. En Meniños nos ocuparemos de axudarlle na elección do proxecto que máis concorde coas súas aptitudes, habilidades e preferencias, aproveitando a súa experiencia e a súa disposición de tempo da forma máis enriquecedora para cada unha das persoas e para as familias e nenos e nenas cos que traballamos.

DEFINICIÓN DO VOLUNTARIADO DE MENIÑOS

Para Meniños o voluntariado é:

Unha expresión cidadá de participación e compromiso altruísta que contribúe a xerar cambios na situación da infancia e a adolescencia en dificultade social, así como a promover o cumprimento dos seus dereitos.

Persoa voluntaria en Meniños é aquela que:

De xeito reflexivo, altruísta, solidario, libre e comprometida, decide participar dentro de Meniños, dedicando parte do seu tempo en beneficio dunha acción enmarcada dentro dun proxecto concreto.

- Colabora de maneira *altruísta*.
- *Rexeita calquera contraprestación económica*, xa proceda do beneficiario atendido ou de calquera outra persoa relacionada coa súa acción de voluntaria.

- *Comprometese libremente*, non sendo coaccionada por outro factor que non sexa o da súa firme decisión e compromiso social. Polo que quedan fóra deste concepto as persoas suxeitas a obrigas persoais ou deber xurídico.
- Debe ser unha *decisión meditada e responsable*, o que supón un *compromiso serio coa organización*.
- Realízase no marco dunha organización estable, democrática e sen ánimo de lucro.
- A participación debe ser real e efectiva, o que supón unha *implicación* tanto na detección e denuncia dos problemas, como na súa solución.
- A persoa voluntaria está *comprometida na transformación das situacións inxustas* que sitúan a nenos, nenas e adolescentes en situación de vulnerabilidade social.

Meniños comprométese coa persoa voluntaria a:

- Xerar un espazo de intercambio e coñecemento mutuo no que se poidan estudar formas de colaboración entre a persoa voluntaria e Meniños.
- Establecer os sistemas internos de formación e orientación axeitados para a realización das tarefas que se lle encomendan.
- Garantirle a realización da súa actividade nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- Facilitarlle unha acreditación que o habilite e identifique para o desenvolvemento da súa actividade.
- Subscribir unha póliza de seguro que cubra os gastos derivados da acción do voluntariado, tanto a responsabilidade civil como os accidentes.
- Cubrir os gastos derivados da prestación do servizo e dotar ás persoas voluntarias dos medios axeitados para o cumprimento dos seus cometidos.
- Expedirle un certificado que acredite os servizos prestados.

Obxectivos do Plan de Voluntariado de Fundación Meniños

- **Ofrecer á sociedade unha vía de participación** na protección á infancia e na cobertura das súas necesidades.
- **Optimizar a atención** aos nenos e nenas e ás súas familias favorecendo a colaboración de todas as persoas que pola súa sensibilidade e competencias poidan complementar o traballo dos equipos profesionais, conseguindo o mellor e maior nivel de atención posible ás necesidades das persoas coas que traballamos.
- **Fomentar a solidariedade** aproveitando os recursos, a potencialidade e disposición que existe nas persoas en xeral ás familias e nenos e nenas máis vulnerables.
- **Tecer redes de apoio** que funcionen como colchón amortecedor en momentos de crise.

Proxectos

Área de intervención familiar

FICHA PROXECTO 1.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Intervención Familiar

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio escolar
Público destinatario	Nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños, locais de servizos sociais...
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Reforzo escolar personalizado para nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos que presta Meniños
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación ou servizo
Coordinador responsable	Persoa responsable da Delegación ou Coordinación

PERFIL DA PERSONA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Ata 3 tardes á semana
Idade	Indiferente
Formación	Académica suficiente para o reforzo escolar requirido
Experiencia	Necesaria na mesma actividade
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía para o traballo con nenos, nenas e adolescentes - Posibilidade de realizar desprazamentos

FICHA PROXECTO 1.2
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Intervención familiar

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio familiar
Público destinatario	Familias e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños, administracións públicas, empresas...
Duración prevista	Mensual (prorrogable)
Descrición do proxecto	<ul style="list-style-type: none"> - Apoio na intervención familiar realizada polo persoal técnico de Meniños en tarefas de asesoramento para a busca de emprego, xestións administrativas e xudiciais, consultas sanitarias e outras. - Apoio en tarefas de modelaxe social
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación
Coordinador responsable	Técnico responsable da intervención coa familia

PERFIL DE PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Desde unha mañá á semana
Idade	Indiferente
Formación	A valorar
Experiencia	Na realización de trámites administrativos
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía para o traballo con familias e adolescentes en dificultade social - Posibilidade de realizar desprazamentos - Habilidades comunicativas

FICHA PROXECTO 1.3
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Intervención familiar

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Respiro familiar
Público destinatario	Nenos, nenas e adolescentes relacionados cos servizos de intervención familiar que presta Meniños
Lugar onde se desenvolve	Domicilios, delegacións de Meniños e outros
Duración prevista	Puntual
Descrición do proxecto	Acompañamento e atención a nenos, nenas e adolescentes para facilitar ás persoas cuidadoras a realización de outras actividades
Postos de acción voluntaria	En función de necesidades de cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable da Delegación ou Coordinación

PERFIL DE PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Una mañá ou unha tarde por sesión
Idade	Maiores de idade
Formación	Indiferente
Experiencia	En acompañamento e coidado de nenos, nenas e adolescentes
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía para o traballo con nenos, nenas e adolescentes - Posibilidade de realizar desprazamentos

FICHA PROXECTO 1.4
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Pontevedra
Área	Intervención Familiar

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Proxecto “Ao carón”. Apoio socioeducativo a menores en situación de risco.
Público destinatario	Nenos, nenas e adolescentes do Programa
Lugar onde se desenvolve	Nas dependencias de la Fundación, en centros públicos ou nas vivendas das familias do Programa
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio social a través de actividades de ocio construtivo e reforzo escolar personalizado para nenos e nenas relacionados cos Proxectos de Meniños.
Actividades	Apoio socioeducativo.
Postos de acción voluntaria	Coordinador das actividades Persoa voluntaria que leve a cabo as tarefas de apoio socioeducativo
Coordinador responsable	Persoa responsable de Coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Ata 2 tardes á semana
Idade	Indiferente
Formación	Preferiblemente docentes en activo ou con experiencia en docencia que teñan interese en ofrecer parte das horas do seu tempo libre en apoiar aos nenos e nenas do programa.
Experiencia	En docencia
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía para o traballo con persoas en dificultade social - Posibilidade de realizar desprazamentos

FICHA PROXECTO 1.5
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña e Ourense
Área	Intervención Familiar en Puntos de Encontro Familiar

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio en Punto de Encontro Familiar
Público destinatario	Familias e nenos e nenas usuarias dos Puntos de Encontro Familiar Xestionados pola Fundación Meniños
Lugar onde se desenvolve	Locais onde Meniños presta o servizo
Duración prevista	Anual
Descrición del proxecto	Tarefas complementarias de apoio ao equipo técnico e baixo a supervisión deste
Postos de acción voluntaria	En función das necesidades do servizo
Coordinador responsable	Persoa responsable da coordinación do Proxecto

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Desde 1 tarde á semana
Idade	Indiferente
Formación	Titulación en dereito, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, traballo social ou educación social
Experiencia	
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía para o traballo con familias e nenos e nenas en situación de conflito - Habilidades de comunicación e relación - Habilidades para o traballo con nenos e nenas

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense
Área	Intervención Familiar en Programas de Violencia de Xénero

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio en Proxectos de Violencia de Xénero
Público destinatario	Familias e nenos e nenas usuarias dos programas de tratamento nenos e nenas vítimas de Violencia de Xénero prestados por la Fundación
Lugar onde se desenvolve	Locais onde Meniños presta o servizo
Duración prevista	Indefinida
Descrición do proxecto	Tarefas complementarias de apoio ao equipo técnico e baixo supervisión deste
Postos de acción voluntaria	En función das necesidades do servizo
Coordinador responsable	Persoa responsable da coordinación do Proxecto

PERFIL DE LA PERSONA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Desde 1 tarde á semana
Idade	Indiferente
Formación	Titulación en psicoloxía
Experiencia	Valorarase a experiencia laboral en intervención psicolóxica
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Empatía e habilidades para a intervención psicolóxica con familias e nenos e nenas en situación de conflito - Coñecementos específicos en violencia de xénero - Habilidades de comunicación e relación

Área de sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia

FICHA PROXECTO 2.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia.

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Promoción dos dereitos da infancia e adolescencia e desenvolvemento de proxectos educativos e preventivos
Público destinatario	Sociedade en xeral e nenos, nenas e adolescentes en particular, profesores de educación e tempo libre que traballen con eles e persoas adultas ao seu cargo (pais, nais, titores, titoras ou outras).
Lugar onde se desenvolve	Ámbito territorial de Meniños
Duración prevista	Indefinido, en función das necesidades
Descrición do proxecto	Execución de campañas e actuacións de sensibilización sobre os dereitos da infancia e adolescencia e desenvolvemento de proxectos educativos e preventivos
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Organización de campaña do 20 de novembro: Día Internacional dos Dereitos do Neno. - Organización de actuacións de sensibilización con motivo do 15 de maio: Día internacional das Familias. - Charlas, mesas informativas, eventos de sensibilización... - Preparación de materiais educativos - Presentación e difusión de materiais educativos en colexios e entidades de tempo libre - Exposición dos traballos elaborados polos nenos e nenas (montaxe e desmontaxe, atención durante a execución e outros labores de apoio) - Preparación e execución de eventos puntuais (festivais, sensibilización ou outros) - Participación puntual en actividades con nenos e nenas (xogos, contacontos ou outros)
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación e o persoal técnico de proxectos educativos e preventivos
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación ou Coordinación

PERFIL DA PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Variable: desde semanal ata puntual
Idade	A partir de 16 anos
Formación	Indiferente
Experiencia	Indiferente
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Habilidades comunicativas - Empatía para o traballo con persoal educativo e niños e nenas

FICHA PROXECTO 2.2
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia.

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Comunicación para a sensibilización nos dereitos da infancia e adolescencia e difusión do labor da Fundación.
Público destinatario	Sociedade en xeral e familias, nenos, nenas e adolescentes en particular
Lugar onde se desenvolve	Ambito territorial de Meniños
Duración prevista	Indefinida
Descrición do proxecto	Apoio na realización de actuacións de comunicación para a sensibilización e promoción de dereitos da infancia e difusión do labor da Fundación.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Boletín de socios e colaboradores - Comunicación en Internet - Gabinete de prensa - Arquivo fotográfico - Deseño e creatividade
Postos de acción voluntaria	Segundo as necesidades da área de comunicación
Coordinador responsable	Persoal técnico de comunicación e captación

PERFIL DE PERSONA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Estable e continuada
Idade	Indiferente
Formación	Preferiblemente en comunicación, deseño gráfico, mantemento Web, fotografía...
Experiencia	En campañas de comunicación, gabinete de prensa, etc.
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores institucionais - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades - Habilidades comunicativas - Traballo en equipo

FICHA PROXECTO 2.3
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Asturias, Madrid
Área	Sensibilización e promoción dos dereitos da infancia e adolescencia.

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Campañas de captación de familias para acollementos e adopcións
Público destinatario	Potenciais familias acolledoras ou adoptivas
Lugar onde se desenvolve	Ámbito territorial de Meniños no que se desenvolvan programas de acollemento e adopción
Duración prevista	Meses de realización da campaña
Descrición do proxecto	Deseño, execución e seguimento de campañas para a captación de familias para os programas de acollemento e adopción promovidos por Meniños.
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Deseño de campaña - Difusión e información - Atención telefónica - Xestión de datos
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación o Coordinación

PERFIL DE PERSONA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Continua durante la campaña
Idade	Indiferente
Formación	Indiferente
Experiencia	Favorable experiencia en campañas de sensibilización e captación de colaboradores
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Habilidades comunicativas - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades

Área de xestión e organización

FICHA PROXECTO 3.1

PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Sede Central A Coruña
Área	Xestión e organización

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio en tarefas administrativas e de xestión
Público destinatario	Equipo humano de Meniños
Lugar onde se desenvolve	Todas as delegacións da fundación
Duración prevista	Anual
Descrición del proxecto	Apoio ao equipo humano de Meniños na realización de tarefas administrativas e de xestión
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Saídas para xestións en administracións e empresas - Apoio en tarefas administrativas: atención telefónica, tratado de textos, depuración de bases de datos, fotocopias...
Postos de acción voluntaria	Todos os que poida asumir cada delegación
Coordinador responsable	Coordinación de Xestión

PERFIL DE PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	A partir de 1 mañá ou tarde semanal
Idade	Indiferente
Formación	Favorable administrativa
Experiencia	Indiferente
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Habilidades comunicativas: atención telefónica - Orde

FICHA PROXECTO 3.2
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Madrid, Asturias, A Coruña
Área	Xestión e organización

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Xestión bibliográfica e documental
Público destinatario	Equipo humano de Meniños
Lugar onde se desenvolve	Madrid, Asturias, A Coruña
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Organización e informatización dos recursos bibliográficos e documentais de Meniños
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> - Mantemento dunha base de datos da biblioteca - Apoio á organización de Arquivos documentais e expedientes
Postos de acción voluntaria	1 por delegación
Coordinador responsable	Persoas responsables de Delegación e Dirección Técnica

PERFIL DE PERSOA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Dende unha mañá semanal
Idade	Indiferente
Formación	Indiferente
Experiencia	Favorable experiencia en organización de Arquivos e biblioteconomía
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Manexo fluído de soportes informáticos ou técnicos necesarios para as actividades - Confidencialidade - Orde

FICHA PROXECTO 3.3
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	Galicia, Madrid e Asturias
Área	Xestión e organización

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Apoio xurídico
Público destinatario	Familias usuarias dos servizos de intervención familiar prestados pola fundación
Lugar onde se desenvolve	A Coruña, Asturias e Madrid, con atención a todos os técnicos e familias da fundación por vía telefónica, Fax, correo electrónico ou videoconferencia
Duración prevista	Anual
Descrición do proxecto	Apoio á intervención coas familias usuarias, baixo o criterio dos técnicos responsables da devandita intervención familiar
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> o Respostas a consultas individuais formuladas o Colaboración na emisión de informes ou ditames puntualmente o Colaboración na confección de documentos técnicos xurídicos para formación
Postos de acción voluntaria	Un, ampliable en función de variación de familias usuarias e as súas demandas
Coordinador responsable	Persoas responsables de Delegación ou coordinación en colaboración coa Asesoría xurídica da Fundación

PERFIL DA PERSONA VOLUNTARIA

Disponibilidade	Desde unha mañá semanal
Idade	Indiferente
Formación	Licenciatura en Dereito e coñecemento básico do modelo de intervención de Meniños que lle facilitará a Fundación.
Experiencia	Non é necesaria
Características persoais: habilidades, actitudes e motivacións	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Capacidade de busca e manexo de recursos xurídicos - Empatía para o traballo con técnicos e familias en dificultade social - Paciencia e habilidades comunicativas - Orde

Ficha Aberta
FICHA ABERTA
PLAN DE VOLUNTARIADO

Delegacións	A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Madrid, Asturias
Área	Calquera área activa na Fundación

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

Nome do proxecto	Se identificará un proxecto concreto, en función dunha nova necesidade detectada pola Fundación ou unha nova oferta presentada por persoas interesadas na nosa misión
Público destinatario	
Lugar onde se desenvolve	En calquera sede da Fundación
Duración prevista	O tempo necesario en función do proxecto identificado
Descrición do proxecto	
Actividades	
Postos de acción voluntaria	Variable, en función do proxecto identificado
Coordinador responsable	Persoa responsable de Delegación, coordinación ou área organizativa onde se vaia desenvolver o proxecto

PERFIL DE PERSONA VOLUNTARIA

Dispoñibilidade	Desde unha mañá semanal
Idade	Indiferente
Formación	Licenciatura/Diplomatura en ciencias sociais e titulacións complementarias que acrediten coñecementos suficientes sobre intervención con familias en dificultade social
Experiencia	Non é necesaria
Características persoais: habilidades, actitudes e	<ul style="list-style-type: none"> - Identificación cos valores da organización - Capacidade de busca e manexo de recursos documentais sobre intervención familiar - Empatía para o traballo con técnicos e con nenos, nenas, adolescentes e familias en dificultade social - Habilidade para o traballo en equipo

Xestión do Plan de Voluntariado

PROCESO DE INCORPORACIÓN E SAÍDA DAS PERSOAS VOLUNTARIAS

Información previa

No contacto inicial infórmase á persoa candidata sobre a finalidade da organización, os Proxectos de Intervención de Persoas Voluntarias existentes en cada delegación e o proceso de incorporación de persoas voluntarias a Meniños.

No caso de que na delegación haxa dispoñibilidade de incorporación de novas persoas voluntarias, informarase sobre a necesidade dun compromiso mínimo e unha dispoñibilidade de tempo abondo para poder continuar co proceso de incorporación. Este compromiso mínimo é:

- Dispoñibilidade horaria compatible coa realización dos Proxectos de Voluntariado dispoñibles en cada programa de Meniños.
- Compromiso de colaboración axustado ás necesidades de cada programa.

Se a persoa candidata segue mostrando dispoñibilidade, emprázase para a realización dunha sesión informativa.

Sesión informativa

Neste momento, e en función do número e os intereses das persoas candidatas, realízanse dinámicas, individuais ou en grupo, que sirvan para afondar no coñecemento das posibles persoas candidatas sobre a organización, información xeral de Meniños, os posibles proxectos nos que se pode colaborar na delegación e o papel que xogan as persoas voluntarias en Meniños.

É un bo momento para aclarar dúbidas ás persoas candidatas e ha de servir de auto selección para cada unha delas.

Despois desta sesión informativa inicial, séguese o procedemento previsto no sistema de xestión da calidade da fundación incluíndo a formación necesaria de acordo co proxecto concreto de voluntariado elixido. Este proceso de información-formación está dirixido, en función do proxecto elixido, pola persoa responsable de Delegación ou Coordinación ou pola persoa responsable da área na que se desenvolverá a actividade e executado pola persoa

xestora de voluntariado que, periodicamente e ao longo de todo o proxecto, manterá reunións de seguimento coa persoa voluntaria garantindo a axeitada realización deste.

Incorporación

Unha vez entrevistadas e informadas as persoas candidatas, a persoa xestora do voluntariado en cada delegación orientará a persoa voluntaria a participar nun proxecto ou outro dependendo do seu perfil, dispoñibilidade, intereses e preferencias, así como das necesidades de incorporación de persoas voluntarias aos Proxectos de Intervención activos ou posibles.

Esta orientación poderase realizar en grupo ou mediante unha entrevista persoal. Cando vaia comezar dun xeito efectivo a colaboración e previamente ao inicio da formación, procederase á firma do "Acordo de colaboración". Neste momento o candidato convértese en Persoa Voluntaria.

Formación

Os obxectivos da formación son os seguintes:

- Facilitar o coñecemento dos candidatos sobre Meniños e a súa tarefa.
- Proporcionar información sobre o contexto de traballo da acción voluntaria.
- Fortalecer as relacións entre os candidatos e crear grupo.

Na formación traballaranse os seguintes contidos formativos:

- Situación da infancia en dificultade social.
- A Convención sobre los Dereitos do Neno.
- Meniños: misión, visión e valores (Plan Estratéxico).
- Servizos que presta Meniños.
- Modelo de intervención de Meniños.
- Persoa voluntaria: definición, dereitos, deberes, regulación...
- Proxectos de Intervención de persoas voluntarias en Meniños (Plan de Voluntariado Meniños).
- Formación en protección de datos persoais.
- Formación en prevención de riscos laborais e saúde no traballo.

Pódense realizar accións específicas, dependendo de cada proxecto e delegación.

Acordo de colaboración

A incorporación das persoas voluntarias formalizarase por escrito mediante un “Acordo de Colaboración” no que se determinarán o carácter altruísta da relación e no que se detallará:

- Os fins e obxectivos da organización na que se integra.
- O conxunto de dereitos e deberes, conforme á lei (a de referencia en cada unha das delegacións).
- O contido das funcións, actividades e tempo de dedicación ao que se compromete a persoa voluntaria.
- A formación requirida para o desenvolvemento das actividades encomendadas.
- A duración do compromiso, as causas e formas de resolución de este polas dúas partes.

Unha vez realizado o acordo se lle facilitará á persoa voluntaria:

- Copia do acordo de colaboración asinado.
- Información precisa sobre a Póliza do Seguro que Meniños ten contratada.
- Identificación como persoa voluntaria de Meniños.
- Documento de rexistro de tarefas de acción voluntaria.
- Clave de acceso ao espazo informativo-formativo dirixido a persoas voluntarias

Compensación de gastos

Nos casos en que o desempeño da tarefa ocasione gastos, se informará á persoa voluntaria do procedemento a seguir para a compensación de gastos.

Procedemento de saída

Finalizada a colaboración voluntaria, seguirase un procedemento de xestión de saída desde unha dobre perspectiva:

De xestión:

- o Formalízanse os documentos de extinción do contrato de voluntariado nos termos do sistema de xestión da calidade e procédese á súa baixa nos rexistros, incluído o seguro de voluntariado e, no seu caso, se comunica á entidade con cuxa colaboración ou mediación se traballou.
- o Facílitate á Persoa Voluntaria unha certificación da experiencia voluntaria.

De aprendizaxe organizativa e da Persoa Voluntaria:

- Pódese valorar coa Persoa Voluntaria o seu grao de satisfacción da súa experiencia de voluntariado, tratando de identificar fundamentalmente posibles aspectos de mellora.
- Pódese compartir coa Persoa Voluntaria a motivación da súa saída, especialmente en caso de que se tivese producido a ruptura do vínculo voluntario con anterioridade ao previsto.
- Abórdase de forma aberta calquera outro aspecto de interese proposto pola Persoa Voluntaria.

Os resultados destas valoracións, xunto con calquera outras de interese, se remiten á persoa designada no sistema de xestión da calidade como responsable de equipo humano, a efectos de facilitar a mellora continua.